



www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Tratamento farmacolóxico

Versión de 2016

11. Colchicina

11.1 Descrición

A colchicina coñécese desde hai séculos. É derivada das sementes secas de cólquico, un xénero de plantas con flor da familia da liliáceas. Inhibe a función e o número de glóbulos brancos, bloqueando así a inflamación.

11.2 Dose/formas de administración

Adminístrase por vía oral, normalmente ata 1 ou 1,5 mg por día. Nalgúns casos, pode ser necesaria a administración de doses maiores (2 ou 2,5 mg por día). De forma moi rara, en casos resistentes, o fármaco adminístrase por vía intravenosa.

11.3 Efectos secundarios

A maioría dos efectos secundarios están relacionados co sistema gastrointestinal. A diarrea, as náuseas, os vómitos e as cambras abdominais en ocasións poden mellorar cunha dieta sen lactosa. Estes efectos secundarios adoitan responder á redución transitoria da dose. Tras a desaparición destes signos, pode realizarse un intento de aumento lento da dose ata o nivel orixinal. Podería producirse un descenso no número de células sanguíneas. Por tanto, é necesario realizar controis periódicos dos recontos destas células (hemogramas). Pode observarse debilidade muscular (miopatía) en pacientes con problemas renais ou hepáticos. Tras a interrupción da administración do fármaco pode observarse unha recuperación rápida.

Outro efecto secundario raro é a afectación dos nervios periféricos (neuropatía) e, nestes poucos casos, a recuperación pode ser máis lenta. De forma ocasional, pode observarse erupción cutánea e alopecia.

Pode producirse intoxicación grave tras a inxestión dunha gran cantidade do fármaco. O tratamento para a intoxicación por colchicina require intervención médica. Normalmente obsérvase unha recuperación gradual, pero ás veces, a sobredose pode ser mortal. Os pacientes deben ter moito coidado para que o fármaco non estea ao alcance dos nenos pequenos. O tratamento con colchicina na febre mediterránea familiar pode continuarse durante o embarazo tras consultalo cun xinecólogo.

11.4 Indicacións para as principais enfermidades reumáticas pediátricas

Febre mediterránea familiar.

Algúns outros trastornos autoinflamatorios, incluída a pericardite recorrente.